

BLOQUE

Boletín informativo



Meis, novembro 2006

Dep. Legal, PO-200-97



LUMES NUNCA MÁIS!!!

Este verán o noso País padeceu unha das vagas de lumes máis importantes da súa historia. Os nosos montes ficaron calcinados por morde xentes desalmadas que co único afán de facer dano queimaron unha

normalidade e mesmo mellorou sensibelmente os resultados do ano anterior xa que, mentres que entre o 1 de xaneiro e o 3 de agosto de 2005 se produciron en Galiza 7.164 fogos, no mesmo período deste ano se rexistraron 4.162 fogos. Sen embargo, a partir do día 4 de Agosto, produciuse un novo "modus operandi" nos lumes, propio das sabotaxes e que se define por prender lume en zonas arboradas, de difícil acceso e preto das casas co obxectivo de facer dano, crear caos, e desestabilizar ao país con lumes de gran visibilidade pública que provocan unha gran alarma social. Só temos que preguntarlle aos membros do Exército, aos bombeiros que viñeron doutras Comunidades Autónomas, por certo, moitas delas gobernadas polo PP, ou os especialistas: todos concordaron en que a situación non era propia e típica dun país normal. E senón preguntarlle as nosas xentes: **Sempre houbo incendios, e certo, pero ¿Viron e viviron algo así noutras ocasións? ¿Pensan que os lumes foron coma os de sempre?** A nova tipoloxía do incendiario non é a do típico pirómano, tolo ou drogadicto, senón que o perfil é o dunha persoa con coñecementos técnicos, e cunha perfecta planificación, o que, amosa que detrás dos lumes houbo unha clara intencionalidade de desestabilización social: os incendios nos arredores de Santiago e Pontevedra; as persecucións a incendiarios en Artes (Ribeira), no Romaño (Compostela) ou o ataque incendiario por dúas veces ao aeroporto de Labacolla que obrigou a pechar as pistas durante tres horas.

Poderán dicir que non houbo suficiente coordinación; poderán dicir que os medios non chegaban a tempo porque había moitísimos focos e preto das casas, pero o que todo o mundo ten claro é que estes lumes foron intencionados.

O BNG é o primeiro interesado en que se produza unha investigación en toda regra da vaga de lumes en Galiza e que o Ministro do Interior compareza no Congreso dos Deputados ao igual que o Presidente da Xunta, ao seu debido tempo, para explicar o acontecido este verán.

boa parte da superficie forestal da Galiza.

Os últimos 16 anos de Goberno do PP na Xunta de Galiza levaron ao abandono da agricultura e á reforestación con eucaliptos, provocando que o campo galego se convertera nun POLVORÍN ao que desta vez se lle prendeu lume de forma especialmente diferente e cunha intención criminal e delituosa. O BNG lamenta que o Partido Popular aproveitara esta circunstancia para facer política partidista. O mais preocupante foron as MENTIRAS que se lanzaron desde este partido co ánimo de manipular de forma descarada á opinión pública.

A Consellaría do Medio Rural non cambiou, ao contrario do que di o PP, o dispositivo contra incendios herdado do Goberno anterior, ofrecéuselles a todo o persoal de designación libre por parte do Goberno do PP continuar á fronte do dispositivo contra incendios e unha grande parte aceptaron seguir nos seus postos, entre eles o xefe de Servizo de Organización e Control de Medios e o subdirector xeral de Recursos Forestais, que nin son galegos nin falan galego. No tocante ao persoal das brigadas o 85 % deles continuaron e recurriuse ao INEM para contratar persoal eventual para 3 meses, establecendo como requisito o coñecemento da lingua galega, tal como se recolle no Decreto Xeral para toda a Administración Pública galega. Nos últimos 5 anos do Goberno do PP aplicouse tamén este requisito.

Até o día 3 de Agosto este dispositivo funcionou con

Impreso postal sen enderezo

UN ANO DE GOBERNO

O mércores día 20 de setembro o BNG do Salnés celebrou unha Asemblea Comarcal de militantes co obxecto de avaliar a presenza da nosa organización no goberno de Galiza, presenza da que ven de se cumprir un ano.

Nesta asemblea estiveron presentes os delegados e as delegadas das cinco áreas do goberno da Xunta de Galiza que son responsabilidade do BNG (Vicepresidencia da Igualdade, Innovación e Industria, Medio Rural, Cultura e Deporte e Vivenda e Solo), que informaron pormenorizadamente do labor realizado en cada unha das súas áreas e dos proxectos para o ano 2007.

Por parte da militancia do BNG no Salnés felicitamos aos compañeiros e compañeiras que ocupan responsabilidades de goberno, polo importante labor feito até o momento, animándoos a seguir traballando nesa liña ao tempo que lles fixemos varias propostas ao respecto de cuestións relacionadas coas súas áreas de responsabilidade relacionadas coa nosa comarca.



O DESINTERESE DO PP POLA XUVENTUDE DE MEIS

Os poucos recursos que se observan nos Orzamentos acreditan a falta de iniciativa, por exemplo, por parte da Concellaría de Cultura e Xuventude. É un reflexo do funcionamento espontáneo e característico das actuacións do actual Goberno Municipal. Non hai un Plan deseñado cunha programación cultural de calidade que parta do concello, só hai actuacións puntuais sen nexo entre elas e sen un antes e un despois no seu facer.

Mostra palpábel da INEPTITUDE, tanto do Alcalde como do Concelleiro de Xuventude, foi que este ano non hai subvencións desde a Xunta de Galiza para actividades dirixidas á Xuventude, para a promoción de Información Xuvenil e para a incorporación da Xuventude ás novas tecnoloxías. **Pero saben por que? Por que dende o concello de Meis NON SE SOLICITARON ESOS CARTOS? E ademais todos os concellos do Salnés solicitaron esta axuda á Xunta menos o noso concello. INCRIBLE PERO CERTO!!!!**

O BNG APOIA AS RECLAMACIÓNS DOS VECIÑOS DE SAN SALVADOR DE MEIS SOBRE OS SUMIDOIROS

O BNG volveu a preguntar no Pleno sobre a situación da rede de sumidoiros na parroquia de S. Salvador de Meis, que segundo o alcalde leva moito tempo en funcionamento. O malestar dos veciños vai a mais ao ver como se asfalta, por enriba do que se supón vai ser o alcantarillado, sen facer as conexións pertinentes. Isto supón que se vai seguir cos mesmos problemas de sempre e están xa fartos de que se lle diga si, si, si...unha e outra vez, pero ven como segue a ser mentira e non están conectadas as súas vivendas ao alcantarillado. Entre outras cousas non se entende que a rede de sumidoiros estea mais alta que as casas. Preguntámonos: ¿Por qué estivo parada a obra da estrada Mosteiro-Barrantes durante tanto tempo nos lugares do Redondelo, A Igrexa e Aldea de Arriba? ¿Por qué se asfalta de súpeto sen deixar os servizos feitos e colocados?

Nembargante dende o goberno municipal do Partido Popular, e en relación con esta parroquia, son lentos para o que queren ou lles convén: mentres, despois de sete anos, ven como as súas esperanzas de ter uns servizos básicos como é a rede de sumidoiros, se esfuma, pola contra poden comprobar a rapidez e urxencia do señor alcalde falándolles de "expropiar" o que aos veciños pertence. Inaudito!!!!



ORZAMENTOS 2006: OUTRA OPORTUNIDADE PERDIDA

Que o Concello vai mal, non é algo que diga o BNG ás súas anchas. Os últimos datos económicos así o corroboran, o Instituto Galego de Estatística (IGE) reflexa no último Indicador Municipal de Rendidas dos Fogares de Galiza que o concello de Meis está no último posto dos concellos do Salnés no referente á mellora do seu poder adquisitivo. Namentres concellos similares, como Ribadumia, soben 6 puntos, ou Meaño, que sube 5 puntos, o noso concello só é capaz de subir un punto. Os datos poboacionais que nos ofrece o Instituto Nacional de Estatística (INE) tamén son pouco esperanzadores. Non damos despegado e de seguir por esta liña pasaríamos a ser un concello de 3ª categoría, perdendo, polo tanto, aportacións económicas doutras institucións, imprescindibles para o desenvolvemento municipal. Analizando detidamente as contas no orçamento de gastos vemos que é practicamente o mesmo que o do ano pasado, soben só uns 20.000 € (un pouco mais de 3

millóns das antigas pesetas). O que preocupa deste montante é que as inversións reais van ser a **METADE** do que se fixo o ano pasado (2005: 803.854€ e 2006: 447.349€). Prodúcese un descenso de 356.505€ (case 60 millóns das antigas pesetas). É neste apartado de gastos onde se reflexa cal é o proxecto para Meis deste grupo de Goberno, ¿se cadra, para o PP o concello non precisa de investimentos?.



AS PRAIAS DAS ACEÑAS (PARADELA)

O BNG interesouse polo estado actual do proxecto de recuperación das praias das Aceñas de Paradelas para o lecer dos veciños do concello. Consideramos positiva que esta proposta do BNG vaia rematar con bo fin despois de moitos anos demandando actuacións para este entorno. Mágoa que o PP de Meis tardara tanto tempo en se decatarse do positivo que ten a recuperación deste espazo natural (non só presentamos mocións neste sentido, que o PP se negou a debater en Pleno, senón que o levamos xa no noso programa electoral en 1995 e 1999, cousa que non fixo o PP de Meis neses anos).

As praias das Aceñas representa un dos puntos esenciais do "Proxecto de Concello Verde" que o BNG quere desenvolver para Meis.



BREVES:

O BNG DEMANDA SERVIZOS NO MOSTEIRO DA ARMENTEIRA



O mosteiro da Armenteira, lar do movemento nacionalista en 1936, un dos lugares máis visitados do concello. O BNG pide ao Goberno municipal a instalación de servizos públicos en mediación no mosteiro a súa comunidade local e entorno, para que se poida desenvolver un modo de vida do século XXI, que non sexa un prescindiñable e que nos permita desenvolver o sector turístico e a demanda de escalada.

OUTROS EMAS DO BNG E VOTACIÓN EN O PLANO

- ★ Recollema os veciños da Armenteira para a perda da liña de autobuses.
 - ★ Situacións construcións de chalés e expropiacións no Monte Castrove.
 - ★ Situación da casa de Escudeiro (Mosteiro) e o seu proxecto? ¿que se queira facer alí? ¿que se brase para realizar?
 - ★ O BNG demanda a realización dunha freguesía de Logueira. Non entendemos a razóns do fracaso da Roche que se dispón de sinaleiras e tempo para outros problemas de Benente, Sobre Catiño e a vila de Vila de Vila.
 - ★ Os verquinos producidos na Armenteira afectan a freguesía de San Martiño de Meis a parte do concello de Ribadumia e a verquinos de plenos, pois do pare que un que o fallo de a idade de puradora instalada en San Martiño que aínda non funciona.
- GOUSAS VEREDAS!!!**

LUMES EN MEIS. E o alcalde onde estaba e con quen??

Desde o BNG de Meis queremos agradecer aos veciños e ás empresas que de forma desinteresada e altruísta estiveron loitando contra os incendios que sufrimos no concello. Foron moitos os homes e mulleres do noso concello que saíron das súas casas para axudar a aqueles outros conveciños que se estaban a ver en dificultades por mor do lume. Esa solidariedade amosada é mostra da boa xente que poboa Meis. Grazas a todos eles. E tamén a eses empresarios que non so aportaron o seu facer persoal, senón que puxeron a súa maquinaria, cisternas....etc. a traballar nas labores de extinción, abrindo cortalumes e en todo aquilo que era preciso. Moitas grazas polo seu facer. (Non nomeamos de xeito individual por si alguén se nos queda no tinteiro). Meis foi un dos municipios mais castigados pola vaga de lumes deste ano, desde Ai (San Lourenzo de Nogueira) até O Busto (Armenteira) pasando por Nogueiró de Arriba (Santo Tomé de Nogueira) e Penente (Nogueira); sendo Armenteira a parroquia mais castigada: Cuchín, Castiñeira, As Pereiras, Fofán, Cabeza de Boi....

ABRAIANTE foi ver ao alcalde de Meis nos medios de comunicación, con foto incluída na que aparecía xunto con outros xerifaltes do PP, na que se dicía que coordinaba a acción anti-lumes no concello, cousa totalmente FALSA xa que ademais debido a súa deixamento e a súa negativa continua en todo o que se lle leva propoñendo dende hai anos en relación ós montes e as políticas forestais, Meis carece dun protocolo de actuación para estes casos. Que

coordinaba e con quen o señor alcalde?? Que o explique polo miúdo!!! ¿Cal foi a política do PP de Meis en materia de montes durante os últimos anos?. Inexistente. Hai xa anos que se están a facer propostas: Planta de Biomasa, ordenación do monte, Consello Municipal de Montes, políticas forestais..As respostas do Alcalde sempre foron as mesmas: “os disparates dos tolos do bloque” ou que falamos de cousas “sen importancia”. **A súa única preocupación coas comunidades de Montes é que os comuneiros lle vendan terreos a un prezo irrisorio para facer chalés e beneficiar así a catro listos.**

Desde o concello non houbo coordinación nin ningún aparello para loitar contra o lume, foron os propios veciños e os operarios da Xunta os que se organizaron para parar os incendios que ían aparecendo ao chou polo termo municipal, ¿Por qué o señor alcalde non reuniu ás Comunidades de Montes e outros para actuar contra o lume? ¿Onde está o Protocolo de Actuación Municipal cando se produzan feitos da gravidade deste verán? ¿Como pode negar o alcalde que a Xunta non fixo nada en Meis cando os propios veciños viron desde o primeiro día dos lumes ao oriúndo de Meis Antón Vázquez Caamaño, Xefe de Sanidade e Producción Vexetal da provincia de Pontevedra, traballando



no labor de extinción dos lumes en Meis? ¿Onde estaba o alcalde cando por riba de Penente había 2 hidroavións e 2 helicópteros colaborando nas tarefas de extinción xunto cunha cuadrilla de Ourense e unha brigada de Lugo, o axente forestal, e mais persoas colaborando e non se podía localizar o rexedor municipal? ¿Se cadra, o alcalde pode dicir que no Busto (Armenteira) tampouco viron ao exército, á cuadrilla de Poio ou aos bombeiros traballar contra o lume? ¿Como é posíbel que un concello coma Meis non conte cunha Ordenanza Municipal Forestal? ¿Por qué o alcalde non acudiu á reunión á que foi convocado polo Presidente da Xunta o 18 de Agosto e o día 30 de Agosto abandonou unha reunión con varios Conselleiros para tratar temas relacionados con subvencións aos afectados do lume? ¿Se cadra, priman mais os intereses do señor Tourís, de Louzán o dos irmáns Durán que os intereses de Meis? ¿Por que, sen embargo, os alcaldes de Meaño e Valga, tamén do PP, non abandonaron esa reunión?

Máis información do BNG:
[Www.bng-galiza.org/osalnes](http://www.bng-galiza.org/osalnes)
E-mail: salnes@bng-galiza.org

